

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO
E A ENTIDADE ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PRAZA DE
ABASTOS DO CARBALLIÑO PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E
COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON
CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O
EXERCICIO 2020**

O Carballiño, 14 de outubro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte don **Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde presidente do Concello do Carballiño (Ourense) con CIF P3202000J, exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, e que actúa en nome e representación deste.

E doutra, don **Eligio González Portabales**, en representación da entidade **Asociación Cultural amigos da praza de abastos do Carballiño**, con CIF G-32502247 que actúa en nome e representación desta.

MANIFESTAN

I. Que a **Asociación Cultural Amigos da Praza de Abastos do Carballiño** ten como principal obxectivo a difusión e promoción de actividades de carácter cultural e popular para dinamizar a praza de abastos; para levar a cabo os seus fins ten previsto dinamizar a actividade mercantil mediante accións de promoción que inciten ao público a achegarse a coñecer a oferta de produtos frescos que ofrece a praza. Así realizará ao longo do ano 2020 actividades e campañas de promoción.

II. Que o concello considera que o labor que realiza a dita asociación constitúe unha manifestación de interese xeral que cumpre unha función social, tamén de promoción turística e cultural, e en continua colaboración coas actividades municipais.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción do turismo e da economía local, a través da organización e das campañas e das actividades.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do turismo.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexa a propia cidadanía da comunidade local, de xeito individual ou asociado, a que libremente colabore co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas bases de execución do orzamento para o exercicio 2020 consta a seguinte subvención nominativa:



Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
431.20.480.00	Asociación Cultural Amigos da Praza de Abastos do Carballiño	7 000 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **forma directa** as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido deste.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente **convenio de colaboración**, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. Obxecto do convenio.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados da **“organización das campañas e actividades de promoción da praza de abastos”** e que inciten ao público a achegarse a coñecer a oferta de produtos frescos que ofrece a dita praza do Carballiño **durante o ano 2020**.

2. Contía e crédito orzamentario.

A contía da subvención ascende a 7.000 euros, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 “Transferencias correntes” do programa 431.20, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2020.

A contía da subvención consistirá nunha porcentaxe do orzamento do proxecto presentado, e pode acadar, como máximo, o 90% do custo total do proxecto, sen superar os 7.000 € de crédito orzamentario.

3. Duración.

Este acordo contempla a execución de actividades durante o período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2020 e ata o 30 de novembro de 2020.

4. Compatibilidade con outras subvencións.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

En ningún caso será compatible con outras subvencións de concorrencia competitiva do Concello do Carballiño




5. Obrigas xerais da asociación beneficiaria.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Comercio do Concello do Carballiño.
- I. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- realizar as actividades que fundamentan o presente convenio;
- contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. Gastos subvencionables.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen dúbida respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a **2.746,90 €**. Dado que a subvención outorgada non pode superar **90%** dos gastos do proxecto presentado, esta non superará o importe de **2.472,21 €**. Se os gastos subvencionados xustificadas correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

2. O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:



- gastos ocasionados pola compra dos obxectos, estancias en balnearios, ou outro tipo de agasallos que se sortean nas campañas levadas a cabo;
- vales de compra de distinto valor para gastar nas dependencias da praza;
- gastos ocasionados polas transferencias bancarias;
- gastos de imprenta e publicidade;
- obradoiros relacionados con produtos que se comercializan na praza.
- gastos relacionados co embelecemento da praza en determinadas épocas do ano (ex.: nadal)

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro do 2020 (data de finalización do período de xustificación determinado no presente convenio), a excepción de que a entidade se acolla ao recollido na cláusula 7 b) parágrafo 2º do punto 5.

7. Xustificación da subvención.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) instancia subscribida polo presidente da asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude;
- b) presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
 - memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo;
 - de ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño;
 - relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data do pagamento,
 - presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCs, cartas de pago, etc.).
 - o pagamento a terceiros, que deberá realizarse dentro do prazo de xustificación recollido no punto e) desta cláusula, poderase acreditar mediante un documento expedido pola entidade financeira no que quede identificado o/a beneficiario/a, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico (máximo 300 € por provedor e 1.000 € en cómputo global do total da subvención outorgada) en cuxo caso, no documento deberán constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento e a data de pago.

Excepcionalmente, en caso de que a entidade non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos antes da xustificación, e previa declaración responsable para tal efecto, non será preciso acreditar o pagamento na presentación da conta xustificativa, e concederáselle un prazo a partir da recepción dos fondos para acreditar o pago das facturas.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.




- declaración xurada do/a beneficiario/a que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
 - relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencions). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
 - certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social. O concello comprobará de oficio que a asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
 - certificación do número de conta expedida pola entidade financeira corresponden.
- c) Os gastos xustificadas teñen que ser iguais ou superiores ao importe do custo total do proxecto. A subvención representa o 90% do orzamento total da actividade.
- d) A xustificación da subvención concedida deberá acadar o 100% do importe total do proxecto. No caso de que se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.
- e) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día 30 de novembro de 2020.

8. Forma de pago.

A entidade beneficiaria poderá solicitar un anticipo, como máximo, do 75% do importe total da subvención; que será efectivo unha vez aprobado, asinado e publicado o convenio na Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS). Na solicitude debe constar o número de conta onde se realizará o ingreso e acreditar que a asociación está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. O restante 25%, ou a totalidade da subvención, no caso de non solicitar anticipo, abonarase trala correcta presentación da conta xustificativa tal e como se indica na cláusula 7 do convenio.

En ningún caso poderán imputarse gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (exercicio 2020), ou que os gastos non sexan suficientes para xustificar o importe da subvención concedida.

9. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencions do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

10. Entrada en vigor e prazo de vixencia.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2020.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O alcalde,

O presidente da asociación,



